

galicia

XXVII EDICIÓN

**Cursos de verán de lingua e
cultura galegas
para persoas de fóra de
Galicia**

Niveis: iniciación, medio e superior

**2-24 xullo 2014 Santiago
de Compostela**

Secretaría dos cursos:
Tfno. 0034 881 812 809
Enderezo electrónico:
curso@realacademiagalega.org
ilgcurso@usc.es



REAL
ACADEMIA
GALEGA



INSTITUTO DA LINGUA GALEGA



XUNTA
DE GALICIA

Cursos de verán de lingua e cultura galegas para persoas de fóra de Galicia

XXVII edición (2-24 xullo 2014)

Niveis: Iniciación, medio e superior

- **Nivel elemental**, de iniciación á lingua, para quen desexe introducirse no seu coñecemento. O alumnado deste nivel distribuirase previsiblemente en dous grupos, segundo o grao de comprensión da lingua, mediante a realización dunha proba de nivel.
- **Nivel medio**, destinado a quen xa realizou o curso elemental ou que demostre un coñecemento básico do idioma mediante a realización dunha proba de nivel.
- **Curso superior de lingüística e de literatura galegas**, para quen cursou o nivel medio ou acredite un bo dominio da lingua galega.

Director: Xosé Luís Regueira

Secretaria: Noemi Basanta Llanes

CONTACTO

Secretaría dos cursos:

Tfno. 0034 8818 12809, 0034 881 812 801

Enderezos electrónicos:

cursos@realacademiagalega.org

ilgcurso@usc.es

ORGANIZAN

REAL ACADEMIA GALEGA

INSTITUTO DA LINGUA GALEGA (USC)

SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA

(XUNTA DE GALICIA)

A lingua e o territorio

O galego é a lingua propia de Galicia, un territorio situado ao NO da Península Ibérica. Fálase nas catro provincias que compoñen esta comunidade autónoma, así como nos territorios estremeiros das provincias de Asturias, León e Zamora. Posúe case 3.000.000 de habitantes e cerca de 2.000.000 usan habitualmente o galego. A estas cifras cómpre engadir case 1.000.000 emigrantes residentes por toda a Europa occidental, os EUA e América do Sur. En Galicia tamén se fala o castelán, lingua que se foi introducindo ao longo da historia, e tivo ao seu favor o carácter oficial e o prestixio social. Na actualidade as dúas linguas son coñecidas pola inmensa maioría da poboación e o galego, lingua minorizada, atópase en proceso avanzado de normalización.

A situación legal da lingua galega

- O galego é **lingua propia** de Galicia.
- O galego é **lingua oficial** na Comunidade Autónoma de Galicia desde 1981, o mesmo ca o castelán.
- Os poderes públicos teñen o **deber** de favorecer o coñecemento e utilización do galego.
- Toda a cidadanía galega ten o **dereito de coñecer** e de **empregar o galego** en todos os ámbitos da vida pública.
- O ensino do galego e do castelán é **obligatorio** en todos os centros escolares.

Santiago de Compostela

Santiago de Compostela é a capital de Galicia, e atópase situada aproximadamente no centro do seu territorio.

O nacemento de Santiago de Compostela e o seu desenvolvemento como núcleo urbano está ligado polo feito, en parte histórico, en parte mítico-relixioso, do descubrimento do sartego do Apóstolo Santiago e o culto subseguinte creado ao seu redor.

O monumento por antonomasia da cidade é a súa catedral. De estrutura románica, atópase moi modificada por reformas posteriores, especialmente barrocas e neoclásicas. O Pórtico da Gloria, a fachada das Praterías e a do Obradoiro sobresaen dentro do conxunto, así como as prazas que a rodean.

Na zona antiga da cidade hai outros monumentos importantes: o Pazo de Xelmírez; os mosteiros de San Martiño Pinario e San Paio de Antealtares; os conventos de San Francisco, Santa Clara, A Nosa Señora das Mercedes e San Domingos de Bonaval (con dous museos no seu interior); os colexios de Fonseca e de San Xerome (este último, actual sede do reitoría da Universidade de Santiago de Compostela); e o Hospital Real, hoxe hotel, construído para atención dos peregrinos que acudían a Compostela.

A disposición medieval da zona vella está aínda ben diferenciada da zona moderna, que se estendeu na segunda metade do S. XX. Arredor dela existe na actualidade un bo número de parques e zonas de recreo.

Santiago de Compostela tamén é coñecida pola súa universidade, que conta con máis de 500 anos de antigüidade. As súas facultades acollen a máis de 20000 estudantes, e están repartidas en tres campus: o campus histórico (con varias facultades na zona vella), o campus Norte e o Campus Sur, situados en dous extremos da cidade, pero integrados nela.

Santiago está ben comunicado co resto de Galicia, tanto por estrada coma por ferrocarril. As praias máis próximas atópanse a uns trinta minutos en automóbil.

Viaxe e aloxamento

Santiago de Compostela ten un aeroporto internacional, a dez quilómetros da cidade. Ademais, conta cunha estación de ferrocarril e outra de autobús que comunican a cidade con diferentes puntos de España e Portugal.

Ao ser unha cidade que recibe cada ano moitos milleiros de turistas, a cidade conta con abundante oferta de hoteis e restaurantes.

Inscripción

Para inscribirse nos cursos unicamente se require ter cumpridos 18 anos e que a ficha de inscrición se reciba na Secretaría dos Cursos **antes do 1º de maio**.

Bolsas

A organización dos Cursos dispón dun número de bolsas (arredor de 50, dependendo das disponibilidades orzamentarias), por importe de 350 euros cada unha. As persoas ás que obteñan unha bolsa estarán, ademais, exentas do pagamento da matrícula. Tamén se prevé a existencia dun número de bolsas de matrícula, que eximirían do pagamento da matrícula, mais que carecen doutra retribución económica.

O candidato ou candidata debe enviar por correo electrónico á Secretaría dos Cursos a ficha de inscrición, o seu *curriculum vitae* e unha carta de presentación dun profesor ou profesora de Universidade, así como todos os méritos que considere de interese. O prazo para a recepción de toda a documentación na secretaria dos cursos remata o día 1 de maio. A preinscrición quedará formalizada cando a persoa solicitante reciba un correo electrónico como xustificante de recepción.

Matrícula

Unha vez rematado o prazo de inscrición a organización dos cursos outorgará as bolsas. Comunicarase o resultado a cada solicitante por correo electrónico e establecerase outro prazo para aceptar ou rexeitar a axuda económica, no caso de que sexa concedida. De se produciren renuncias, as persoas suplentes serán as beneficiarias das bolsas.


Aquelas persoas que non solicitaron bolsa ou ás que non lles foi concedida tamén recibirán unha notificación por correo electrónico na que se indicará, no caso de seren aceptadas, o prazo que teñen para ingresar, en concepto de reserva de matrícula, a cantidade de 50 euros. O importe total é de 150 euros, e nel están incluídos o dereito a clases, visitas, certificados etc. Os 100 euros restantes terán que ingresarse antes do 30 de xuño.

O importe de 50 euros en concepto de reserva de matrícula, así coma o resto da matrícula, debe realizarse nos prazos indicados na conta **IBAN ES43 2080 0319 6830 40016081, de Novagalicia Banco (Cód. SWIFT: CAGLESMMXXX)**, Rúa das Orfas, 4, Santiago de Compostela, facendo constar “Cursos de galego” e o nome e apelido(s) do remitente.

Recepción

A recepción do alumnado farase o **2 de xullo** en horario de 10.00 a 14.00 horas no Instituto da Lingua Galega (USC). Ese día entregaranse individualmente o horario e a programación do curso e resolveranse posibles dúbidas sobre cuestións relacionadas coa organización.

Recepción do alumnado:
Instituto da Lingua Galega (USC)
Praza da Universidade, 4
15782 Santiago de Compostela
GALICIA (España)



Apelidos / Nom / Surname

Nome / Prénom / Forename, Firstname

Data de nacemento / Date de naissance / Date of birth

Nacionalidade / Nationalité / Nationality

Pasaporte (ou Documento de Identidade) nº

Numéro de Passeport ou de Carte d'identité / Passport or Identity Card

Enderezo / Adresse / Address

Correo electrónico / E-mail / E-mail

NIVEL / NIVEAU / LEVEL:

Elemental 1 / Élémentaire 1 / Elementary 1

Elemental 2 / Élémentaire 2 / Elementary 2

Medio / Moyen / Intermediate

Superior / Supérieure / Advanced

Solicita bolsa / On demande bourse / Grant applicant

Data / Date / Date

Sinatura / Signature / Signature

Esta tarxeta debe chegar antes do 1º de maio de 2014 a:

(Cette fiche doit parvenir avant le 1er mai 2014 à/ This card is to be sent before May 1st, 2014 to)

Secretaría dos cursos de galego para estranxeiros

cursos@realacademiagalega.org

Summer courses of Galician language and culture for students from outside Galicia

XXVII edition (2-24 July 2014)

Levels: elementary, intermediate, advanced

- **Elementary level:** introduction to the Galician language, for those students who have no previous knowledge of this language. The students at this level will be divided into two groups depending on the degree of understanding of the language, by means of a level test.
- **Intermediate level,** for those students who have already completed the elementary course or demonstrate a basic knowledge of the language by means of a level test.
- **Advanced course of Galician linguistics and literature,** for those students who have previously attended the intermediate course or show a good knowledge of the Galician language.

Director: Xosé Luís Regueira
Secretary: Noemi Basanta Llanes

CONTACT

Courses secretary:

Phone: 0034 8818 12809, 0034 881 812 801

E-mail:

cursos@realacademiagalega.org

ilgcurso@usc.es

ORGANIZATION

REAL ACADEMIA GALEGA

INSTITUTO DA LINGUA GALEGA (USC)

SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA

(XUNTA DE GALICIA)

The language and the land

Galician is the native language of Galicia, a country in the northwest of the Iberian Peninsula. Galician is spoken in the four provinces which compose the autonomous region of Galicia, and in the neighbouring areas of Asturias, León and Zamora. About 2 million of the nearly 3 million Galician inhabitants usually speak Galician, as well as nearly 1 million emigrants scattered throughout Western Europe, the USA and South America. Spanish is also spoken in Galicia, especially in towns. Spanish was gradually introduced over the centuries, and it was favoured by its official status and social prestige. Currently, both languages are familiar to the great majority of the population, and the normalisation of Galician is at a well advanced stage.

The legal position of Galician

- Galician is the language of Galicia.
- Galician is the official language of the Autonomous Community of Galicia from 1981, along with Spanish.
- Public authorities have a duty to promote the use of Galician.
- Every citizen of Galicia has the right to know and to use Galician in all spheres of public life.
- Teaching in both Galician and Spanish is mandatory in school and high school.

Santiago de Compostela

Santiago de Compostela is the capital of Galicia, and is located approximately in the centre of its territory.

The emergence of Santiago de Compostela and its development as a town is connected with the discovery, half historical, half mythical-religious, of the tomb of St. James and its subsequent cult.

The most important building from an architectural point of view is the Cathedral. Though mainly Romanesque in style, it

received major additions over the centuries, chiefly Baroque and Neoclassical. Some of its most striking components are the Pórtico da Gloria, the South door leading onto the Praza das Praterías, and the West face, the Obradoiro. The squares surrounding the building are also worthy of note.

Other important buildings in the old town include the Pazo de Xelmírez; the monasteries of San Martiño Pinario and San Paio de Antealtares; the convents of San Francisco, Santa Clara and A Nosa Señora das Mercedes; the former convent of San Domingos de Bonaval, which now boasts two museums; the colleges of Fonseca and San Xerome (the latter now houses the central administrative services of the University of Santiago); and the Hospital Real, which has become a hotel, although it was originally built to attend to the pilgrims who flocked to Santiago.

The medieval layout of the old town is clearly distinct from the new areas of the city, which extended in the second half of the XX century. Around the city there are many parks and recreational areas.

Santiago de Compostela is also known for its university, which is more than 500 years old. Its colleges receive more than 20000 students, and are spread over three campuses: the historic campus (with several colleges in the old town), the North Campus and South Campus, located at two ends of the city, but well integrated in it.

Santiago is well connected with the rest of Galicia by road and rail. The nearest beaches are a 30-minute drive away.

Travel and accommodation

Santiago de Compostela has an international Airport, situated about 10 km from the city centre. In addition, it has a bus and a railway station that link the city with various parts of Spain and Portugal.

Since Santiago de Compostela is a tourist destination that receives thousands of visitors each year many, a wide range of hotels and restaurants are available.

Inscription

The courses are open to anyone aged 18 and over who wishes to attend, provided that their inscription card and advanced reservation fee are received by the Course Secretary before May 1st.

Scholarships

The organization of the courses has a number of scholarships (about 50, depending on budget availability), amounting to 350 euros each. Students who get a scholarship will also be exempt from the payment of registration fees. A number of scholarships exempting the student from the registration fees, but without any further economic retribution, are also provided.

The candidates must email their registration form, a curriculum vitae and a reference letter from a teacher at their University, as well as any certificates, etc. deemed of interest, to the Course Secretary. All documents must be received no later than the 1st May. The pre-registration will be formalized when the applicant receives an email as acknowledgment of receipt.

Enrolment

The scholarships will be assigned once the period of inscription is complete. The results will be communicated to applicants by e-mail. A new period will be established for students who had been assigned a scholarship to accept or reject it. In case of withdrawal, substitute applicants will benefit from the available scholarships.

Those who have not applied for a scholarship or who were not granted one will also receive an e-mail notification, if accepted on the course, with the deadline to deposit 50 euros as a reservation fee. The total inscription fee amounts to 150 euros, which covers all lessons, visits, certificates, etc. The remaining 100 euros should be paid before the 30th June.

The 50 euro deposit should be paid to the following account and sent to the following address, not forgetting to include the title “Cursos de galego”, as well as the name of the applicant. IBAN ES43 2080 0319 6830 40016081, Novagalicia Banco (Code SWIFT: CAGLESMMXXX), Rúa das Orfas, 4, Santiago de Compostela.

Reception

Students will be welcomed on July 2 at the Instituto da Lingua Galega (USC), from 10.00 to 14.00 hours.

They will receive the timetable and programme of the courses. Any doubts related to the organization of the course will also be resolved.


Students reception:

Instituto da Lingua Galega (USC)

Praza da Universidade, 4

15782 Santiago de Compostela

GALICIA (España)



Apelidos / Nom / Surname

Nome / Prénom / Forename, Firstname

Data de nacemento / Date de naissance / Date of birth

Nacionalidade / Nationalité / Nationality

Pasaporte (ou Documento de Identidade) nº

Numéro de Passeport ou de Carte d'identité / Passport or Identity Card

Enderezo / Adresse / Address

Correo electrónico / E-mail / E-mail

NIVEL / NIVEAU / LEVEL:

Elemental 1 / Élémentaire 1 / Elementary 1

Elemental 2 / Élémentaire 2 / Elementary 2

Medio / Moyen / Intermediate

Superior / Supérieure / Advanced

Solicita bolsa / On demande bourse / Grant applicant

Data / Date / Date

Sinatura / Signature / Signature

Esta tarxeta debe chegar antes do 1º de maio de 2014 a:

(Cette fiche doit parvenir avant le 1er mai 2014 à/ This card is to be sent before May 1st, 2014 to)

Secretaría dos cursos de galego para estranxeiros

cursos@realacademiagalega.org